



PLAN DIXITAL

CEIP de Pousada Carcacía

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao PEC
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO	
DENOMINACIÓN	CEIP de Pousada Carcacia
CÓDIGO	15028002
LOCALIDADE	Carcacia
CONCELLO	Padrón
ENDEREZO	A Igrexa N° 230
CÓDIGO POSTAL	15914
TELÉFONO	881 866 266
E - MAIL	ceip.pousada.carcacia@edu.xunta.gal
PÁXINA WEB	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippousadacarcacia/
AULA VIRTUAL	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippousadacarcacia/aulavirtual/

PROFESORADO DO CENTRO			
Nº	ESPECIALIDADE	FUNCÍONS E ÁREAS QUE IMPARTE	SITUACIÓN ADMINISTRATIVA
1	Ed. Infantil / Ed. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> ● Responsable centro ● Titora Ed. Infantil ● Titora Ed. Primaria 	Definitiva
1	Idioma Estranxeiro: Inglés	<ul style="list-style-type: none"> ● Especialista inglés ● Coordinadora Plan Dixital 	F. Prácticas
PROFESORADO ADSCRITO AO CENTRO			C. ADSCRICIÓN
1	Relixión Católica	Relixión Católica	CRA Dodro
1	Audición e Linguaxe	Audición e linguaxe	CEIP Flavia

ALUMNADO DO CENTRO			
Nº UNIDADES	ETAPAS EDUCATIVAS	NIVEIS EDUCATIVOS	Nº ALUMNADO
1	Ed. Infantil	4º Nivel de Ed. Infantil	2
		5º Nivel de Ed. Infantil	1
		6º Nivel de Ed. Infantil	0
	Ed. Primaria	1º Curso de Ed. Primaria	4
		2º Curso de Ed. Primaria	3
TOTAL ALUMNADO MATRICULADO NA AULA MIXTA ED. INFANTIL E PRIMARIA			10

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao PEC

1.2.1 Características socioeconómicas e culturais do centro

O CEIP Pousada Carcacía está situado no lugar de Pousada, parroquia de Carcacía está situada a 5km da vila de Padrón (Concello ao que pertence) e a 23 km da cidade máis próxima, Santiago de Compostela.

A parroquia de Carcacía está enmarcada nunha contorna rural. Está configurada por diferentes aldeas que forman pequenos núcleos de poboación espallados e distanciados uns de outros aínda que ben comunicados polas innumerables pistas que saen a esquerda e dereita da estrada que une as localidades de Pontevea e Padrón.

A localidade de Padrón é a vila de referencia cultural, económica e social; a un dos colexios desta vila (CEIP Flavia) incorpóranse o alumnado deste centro a partir do 3º curso de Educación Primaria.

En canto aos aspectos socioeconómicos, a maioría das familias gozan dun benestar económico que se traduce nun nivel de vida aceptable e digno. A economía familiar baséase en diversos aspectos, por unha parte nos ingresos dos membros da familia que teñen unha actividade laboral estable fóra da casa (sobre todo os pais, sendo as nais as que obteñen ingresos de traballos esporádicos, temporais ou ,en xeral, máis precarios). Por outra parte, os ingresos que perciben os membros da terceira idade que conviven coa familia, os avós e as avoas (este tipo de agrupacións familiares de varias xeracións nunha mesma vivenda é un trazo moi característico das familias deste centro) que axuda considerablemente a conseguir ese benestar económico.

Con respecto ao tipo de actividade laboral, abundan as actividades de escasa especialización, obreiros, traballadores de pequenas industrias... As mulleres dedícanse maioritariamente ás labores da casa e ao coidado dos fillos, algunhas delas compatibilizando estas labores con traballos, polo xeral, temporais ou esporádicos.

No relativo aos aspectos culturais, a parroquia de Carcacía carece de espazos culturais ou deportivos como biblioteca, polideportivos, cine... e conta con escasas actividades culturais.

Co fin de transformar esta realidade de total ausencia de actividade cultural, a construción da "*Casa de Cultura*" posibilitou a constitución de dúas asociacións culturais que proporcionan diversas actividades, destinadas aos nenos e nenas, aos que acode parte do alumnado.

En canto á lingua, o idioma de uso maioritario entre as familias e o alumnado é o galego, empregando o castelán como segunda lingua en momentos puntuais.

A alumnado dispón na casa de conexión a internet e na maioría dos casos de ordenador ou tabletas.

1.2.2 Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo Centro

Dadas as características do CEIP Pousada Carcacia as dúas profesoras da escola asumen todas as funcións de todos os equipos de coordinación docente, tamén do Equipo Tics. Nunca foi posible (por falta recursos humanos, horarios...) nomear unha coordinadora Tics. Polo tanto a progresiva incorporación das ferramentas dixitais no funcionamento do centro, a incorporación das TICs nas actividades de ensino aprendizaxe sempre se foron abordando sen ter deseñado un Plan Tics e polo tanto este nunca foi incluído no proxecto Educativo do Centro.

Pero tamén temos que recoñecer que os recursos dixitais sempre estiveron presentes transversalmente noutros documentos de xestión do centro educativo: PXA, Memoria Anual, Programacións Didácticas, Proxecto Lector... documentos nos que se reflectían os pequenos avances que se ían realizando: posta en marcha da páxina web, incorporación tabletas, aula virtual...

1.2.3 Relación do PD con outros Plans ou Proxectos

Coa incorporación ao programa de innovación educativa PLAMBE as actuacións encamiñadas a avanzar na competencia informacional (competencia dixital) do profesorado e do alumnado sempre estiveron presentes. Así como tamén as actuacións encamiñadas a proporcionar recursos e ferramentas dixitais ás familias: utilización de abalarmóbil, aula virtual..

A metodoloxía da Aprendizaxe baseada en Proxectos (AbP) tamén posibilitou a utilización do equipamento, das diferentes ferramentas e recursos dos que dispoñemos , así como tamén a participación no programa de sección bilingües, no programa de auxiliares de conversa e no proxecto de innovación educativa Proxecta + ao que nos incorporamos este curso.

Polo tanto, aínda non tendo recollido o Plan TICs no Proxecto Educativo do Centro xa son moitos os cursos nos que se estivo a traballar nas novas tecnoloxías pero dunha maneira asistemática e transversal sen ter un documento de planificación educativa elaborado.

Neste remate do curso 2022, unha vez aprobado no Consello Escolar, o Plan Dixital incorporarse ao PEC.

1.2.4 Contribución do PD á Programación do curso 2022/2023

No comezo do curso escolar 2022/2023 incorporárase á PXA a concreción anual do PD co cal xa podemos dispor dun documento de planificación no que se recollerán os obxectivos, o plan de acción e o seguimento dos diferentes aspectos do PD coa perspectiva temporal do curso escolar.

Farase unha revisión anual ao remate de cada curso escolar que utilizaremos como a nova folla de ruta para seguir avanzando.

1.3. Breve xustificación do mesmo

No curso 2021-2022 elaboramos o Plan Dixital conforme as directrices establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia en conformidade coa lexislación e normativa vixente referida ao Plan Dixital dos centros educativos.

En concreto:

[Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación](#)

Art. 111 bis : establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro.

Art. 121: no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Art. 132: establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

[Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022:](#)

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

[Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma.](#)

1.4. Proceso de elaboración

No comezo do curso adoptáronse dúas decisións en relación á elaboración do Plan Dixital

- Decidir a profesora coordinadora do Plan Dixital. Dadas as características do noso centro o equipo quedou constituído por 2 profesoras asumindo a coordinación a profesora especialista itinerante de inglés
- Solicitar un GT no CAFI "*Plan Dixital nas escolas do rural*" co asesoramento da asesora do CAFI. Este grupo de traballo quedou configurado por 6 profesoras asumindo a coordinación do mesmo a coordinadora do Plan Dixital do CEIP Pousada Carcacía.

A coordinadora do Plan Dixital durante todo o curso :

- Organizou e xestionou todas as tarefas relacionadas co GT estando en permanente contacto con cada profesora do GT.
- Estableceu contacto permanente co asesor Adix do centro educativo e coa asesora do CAFI para consultar e dar resposta a todas as cuestións que ían xurdindo na elaboración do PD.

A dinámica de funcionamento durante todo o curso escolar foi a seguinte:

- Reunións do grupo de traballo: Participación nas reunións grupais do GT conforme o calendario e a orde do día establecido no que se ía avanzando de maneira progresiva no desenvolvemento do Plan Dixital.
- Traballo individual: no que se ían abordando diferentes aspectos do PD que logo se poñían en común nas reunións grupais.
- Reunións do equipo do CEIP Pousada Carcacía: reunións do profesorado deste centro para reflexionar, debater, acordar aspectos concretos do PD do centro.
- Sesións de docencia: nas que todo o profesorado do GT participamos en 2 sesións de docencia referidas á ferramentas dixitais co obxectivo de avanzar na competencia dixital do profesorado.

Ao mesmo tempo o profesorado do CEIP Pousada Carcacía foi participando ao longo do curso nas sesións de formación organizadas dende o CAFI e dende o Adix Santiago 2.

En concreto:

- Reunión Adix Santiago 2: 17-02-22.
- I Xornada de Formación: Adix Santiago2: 16-03-22
- II Xornada de Formación Adix Santiago2: 21-04-22

Unha vez rematado o proceso de elaboración do PD, este será presentado e someterase a aprobación do Consello Escolar do CEIP Pousada Carcacía na reunión que terá lugar a finais do mes de xuño.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Descrición xeral da infraestrutura.

Conectividade	Voz	Datos	
		Cableada	Wifi
Conexión Internet fibra banda ancha "Escolas Conectadas"	Voz IP. 1 liña voz centro 1 liña alarma	Ethernet 100mb 6 (sw1000 con 5p) +1+1 (sw100 8p)+2+6 - Aula 6 conexións, - Biblioteca 6 conexións e sw 5 conexións - despacho profesorado. 2 conexións e sw de 8 postos - administración 2 conexións	- Rede corporativa wifi/ac edu.xunta con 3 PA (puntos de acceso) a 2,4 e 5GH - Rede auxiliar, conectada á rede ethernet do centro para uso das tablet, tipo wifi n con 1 PA (a 2,4 e 5GH)

Equipamento

Utilización	Equipamento	Dependencia
Administración do centro	1 equipo HP ProDesk 600 G2 MT. I5 6600. 8GB. HDD 1TB. WINDOWS 10 64b.	Secretaría do centro.
	1 impresora láser LEXMARK E350D	
	1 impresora multifunción de inxección de tinta Epson WF-3520	
Non utilizado	1 equipo ultraportatil Acer travelmate Spain B3. CPU Intel Celerón 4120. RAM 8GB. SSD 50GB+ SSD75GB+ MMC 128GB para préstamo a alumnado con dificultades de conexión. Con router 4G Airbox Alcatel 1 escáner Epson perfection 2480 photo.	

Utilización	Equipamento	Dependencia
Xestión biblioteca	1 equipo HP ProDesk 600 G2 MT. I5 6600. 8GB. HDD 1 TB WINDOWS 10 64b. MEIGA.	Sala profesorado
Profesorado	1 equipo HP COMPAQ 6005 pro. AMD PHENOM II X2 B55. RAM 1,5GB.HDD 320 GB. Linux, maqueta Abalar libre.	
	1 equipo portatil Acer travelmate™ 8571.b CPU Intel U7300. 2GB RAM. HD 160 GB.	
Aula mixta de Ed. Infantil e Primaria	1 impresora/fotocopiadora blanco e negro. Brother MFC-8860DN.	Aula
	1 equipo portatil Acer travelmate™ 8571.b CPU Intel U7300. 2GB RAM. HD 160 GB.	
	EDI Smart board de 2011, proxector NEC , altosfalantes Smart.	
Biblioteca	12 Tabletas alumnado (Samsung tab A 2020)	Biblioteca
	1 equipo portatil Acer travelmate™ 8571.b CPU Intel U7300. 2GB RAM. HD 160 GB.	
	EDI SmartBoard, proxector Epson 6EX-83	
	4 equipos HP COMPAQ 6005 pro. AMD PHENOM II X2 B55. RAM 1,5GB.HDD 320 GB. Linux, maqueta Abalar libre	
	2 equipos Dell Optiplex 755. Intel Core2 Dúo E8400. Ram 2GB. HDD 250 GB.. Linux, maqueta Abalar libre.	
1 equipo Dell Optiplex 745. Intel Core2 6300. RAM 2GB. HDD 160GB. Linux, maqueta Abalar libre.		

Periféricos: Teclados e ratos para cada equipo e ratos para os portátiles, auriculares, unha cámara web.

Outro equipamento dixital: cámara fotográfica Sony DSC-WX220, robot educativo: *Learning Resources- Raton Robot Programmable*

Servizos Dixitais Educativos

Servizo	Estado	Ligazón
Páxina WEB	En funcionamento.	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippousadacarcacia/
Aula virtual	En funcionamento.	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippousadacarcacia/aulavirtual/
Galería de fotos	En funcionamento	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippousadacarcacia/galeria/
Abalar Móbil	Nais e pais de todo o alumnado	
EspazoAbalar Abalar Pro	Profesorado	
Agueiro	Profesorado	
Abalar	Non	
E-dixgal	Non	

Xestión do mantemento do equipamento do centro.

UAC e asesor Abalar da Zona.

Protocolos do centro relacionados coas TIC

Non desenvolvidos

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Realizada a autoavaliación SELFIE o equipo directivo e o profesorado do centro, os resultados acadados quedan reflectidos na seguinte táboa.

Nota: dadas características do centro educativo o alumnado (de 3 a 7 anos) non participou

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	1,0
	Profesorado	1,5
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1,0
	Profesorado	1,7
	Alumnado	
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,4
	Alumnado	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	1,7
	Profesorado	1,8
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,8
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	1,7
	Profesorado	1,1
	Alumnado	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,0
	Profesorado	1,0
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	1,8
	Alumnado	

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	1	1	100
PROVISIONAL	1	1	100
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
69,5	Integrador (B1)	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	69,5	Integrador (B1)	68,2	Integrador (B1)
PRIMARIA	69,5	Integrador (B1)	77	Integrador (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	1	50%
B1	1	50%
B2		
C1		
C2		
TOTAL	2	100

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

Outras fontes: Non empregamos outras fontes para a análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Suficientes dispositivos dixitais do centro á disposición do profesorado e do alumnado.	Insuficiente política de protección de datos. No noso centro non se dispón de asistencia técnica suficientes cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado ten iniciativa, explora e utiliza novas formas de ensinanza e aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais. O profesorado crea recursos dixitais para reforzar o seu método de ensino.	O profesorado non realiza actividades de aprendizaxe dixitais que motiven ao alumnado. Non se debate entre o profesorado sobre as nosas necesidades de FPP no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	No noso centro o alumnado aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais.	No noso centro o alumnado non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa. No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos dixitais.
	FAMILIAS	As familias realizan o seguimento das actividades educativas dos seus fillos e fillas a través dos servizos dixitais corporativos.	Insuficiente competencia dixital das familias.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Empréganse tecnoloxías dixitais para adaptar o método de ensino ás necesidades individuais de aprendizaxe.	Non se avalían os progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Acceso a cursos de formación nas tecnoloxías dixitais atendendo ás necesidades e competencia dixital do centro e de cada profesor, establecendo itinerarios formativos.	Insuficiente asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais. Non está actualizado o equipamento do centro. Insuficiente apoio e tempo para que os docentes poidan explorar modalidades de ensino no ámbito dixital.
	LEXISLACIÓN	Procurar o nomeamento dun responsable TIC nas escolas rurais con horario asignado a cada centro.	No noso centro non existen sistemas de protección de datos. Insuficiente tempo dispoñible para implementar na práctica educativa os cambios dixitais necesarios ante os constantes cambios e ameazas da sociedade actual
	CONTORNA	A progresiva implicación e esforzo das familias para utilizar os recursos dixitais que se propoñen dende o centro educativo.	Deficiente conexión a internet en determinados lugares da contorna o que afecta á comunidade educativa.
	ANPA	A ANPA avanza na comunicación a través de medios dixitais entre o centro e as familias.	Dificultades para promover entre os seus membros a utilización de novos recursos dixitais relativos ao centro, debido á conciliación familiar
	OUTRAS ENTIDADES	Promover a utilización de tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións. O concello promove a participación en actividades mediante diferentes recursos dixitais	Non hai unha dinámica de colaboración dixital directa entre o centro e outras entidades

3. Plan de Acción

No momento de elaborar o Plan de Acción tivemos en conta os escasos recursos humanos do noso centro educativo, pero tamén sendo moi conscientes que a implantación deste Plan de Acción está moi condicionado pola inexistente asignación horaria no noso centro á coordinadora Tics.

Polo tanto, trátase de priorizar uns obxectivos que supoñan unha mellora do uso que se fai dos recursos xa dispoñibles ao tempo que irase avanzando en novos recursos progresivamente.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO seleccionamos das Debilidades aquelas categorías que consideramos máis prioritarias pero tamén máis abordables cara o próximo curso tendo en conta os escasos recursos humanos dos que dispoñemos no centro escolar.

Centrámonos nas categorías referidas as familias, o persoal docente, o alumnado e a organización do centro e definimos os obxectivos e o plan acción que definen a folla de ruta que seguiremos o próximo curso.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Liderado (A)						
OBXECTIVO 1:	Mellorar o nivel de competencia dixital das familias referidas a abalarmobil e aula virtual				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable de centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Videotitoriais enviados					
Valor de partida	0 videotitoriais enviados no curso 22/23					
Valor previsto e data	2 videotitoriais enviados no curso 22/23			20 /05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓ		
				VALORACIÓN DA ACCIÓ	ESTADO	
AO1.1: Envío de nota informativa e cuestionario ás familias en relación á súa competencia referida ao manexo de abalarmóbil e aula virtual	Responsable centro	30/09/22	Nota informativa Cuestionario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Recollida e análise da información recompilada	Responsable centro	30/10/22	Táboas de recollida de información dos cuestionarios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realización e envío de sobre abalarmóbil e a aula virtual.	Responsable centro e profesorado	31/05/23	Videotitorias da Consellería e videotitoriais elaborados polo centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Desenvolvemento Profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 2:	Promover o debate entre o profesorado sobre as necesidades FPP no relativo ao ensino dixital				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable de centro e profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Necesidade de FPP detectada no relativo ao ensino dixital					
Valor de partida	0 necesidades detectadas					
Valor previsto e data	1 necesidade principal detectada			30/11/22		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1 Organización debate entre o profesorado para valorar necesidades de formación no ensino dixital	Responsable de centro	30/10/2022	Guía de debate e recollida de propostas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Reunión do profesorado para acordar prioridades de formación no ensino dixital	Responsable de centro e profesorado	20/11/2022	Listado de necesidades de formación por orde prioritario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Creación dun listado de necesidades detectadas polo profesorado no relativo ao ensino dixital destacando unha necesidade principal	Responsable de centro	30/11/2022	Listado final		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Pedagogía e implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 3:	Formar ao profesorado no uso de ferramentas dixitais e creación de materiais dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de formacións recibidas					
Valor de partida	0 formacións recibidas					
Valor previsto e data	1 formación recibid					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitar formación sobre a creación de contidos dixitais atendendo ás necesidades de formación detectadas	Reponsable de centro	10/12/2022	Docentes calificados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Empregar na aula ferramentas ou materiais dixitais aprendidos na formación	Profesorado	30/04/2023	Software ou ferramentas dixitais necesarias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Prácticas de avaliación (G)						
OBXECTIVO 4:	Avaliar os progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Reponsable de centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Uso da ferramenta "cuestionario" de Moodle para a avaliación do progreso do alumnado					
Valor de partida	0 cuestionarios Moodle empregados para avaliar o progreso do alumnado					
Valor previsto e data	1 cuestionario Moodle empregado para avaliar o progreso			10/04/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Formar ao profesorado na creación de cuestionarios para a avaliación do alumnado na plataforma Moodle	Reponsable de centro	22/12/2022	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Creación dun cuestionario en Moodle para avaliar ao alumnado	Profesorado	20/02/2023	Curso na aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Preparar ao alumnado para saber empregar correctamente os cuestionarios de Moodle	Profesorado	10/03/2023	Curso na aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Uso do cuestionario como avaliación inicial e final para avaliar dixitalmente o progreso do alumnado nunha certa temática	Profesorado	10/04/2023	Curso na aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnológicas

Rede cableada

Das rosetas de conexión tipo Ethernet situadas na aula e na biblioteca existen varias que non funcionan correctamente.

Na biblioteca só se poden utilizar 5 das 6 conexións cableadas ademais neste espazo están instalados 8 equipos polo que se situou un pequeno swicht non xestionable de 5 conexións para dar servizo. Dado que neste espazo está situado un rack de conexións con un swicht con conexións sen utilizar sería interesante realizar cableado directo.

Na sala de traballo do profesorado hai 2 conexións e 4 equipos conectados polo que no seu día instalouse un swicht non xestionado de 8 conexións. Dado que neste espazo están situados os rack de conexións con swichts con conexións sen utilizar sería interesante realizar cableado directo.

Equipamento

No centro existen 2 equipos (procesador i5 6600, 8GB, HDD 1TB) de características actualizadas. Estes equipos están destinados un á administración do centro e o segundo a xestión da biblioteca.

Os equipos conectados os EDI son moi antigos (Acer travelmate™ 8571.b CPU Intel U7300. 2GB RAM. HD 160 GB) e levan 11 anos de servizo no centro. Non poden ser utilizados para algunhas tarefas e en especial para as vídeo conferencias (non soportan webex) polo que é imposible utilzalos a este fin ou para participar en actividades en streaming.

Solicitudes:

- 2 equipos portátiles para substituír ao que actualmente se conectan ó EDI da aula mixta de infantil e primaria e na biblioteca.
- Mellora da rede cableada do centro na Biblioteca e na sala de traballo do profesorado.

4. Avaliación do plan

O Plan Dixital non debe ser un documento estático, debe ser un documento de planificación educativa flexible, capaz de recoller as adaptacións necesarias segundo as peculiaridades da nosa escola en cada momento para transformarse nunha folla de ruta útil, dinámica que poderá modificarse conforme vaia avanzando o curso escolar.

Para iso, é necesario contemplar o seguimento e a avaliación do Plan Dixital que nos axude a continuar reflexionando, revisando e valorando o cumprimento dos obxectivos que se pretenden acadar.

Esta avaliación contará cunha serie de instrumentos que axudarán a tirar conclusións: observacións, cuestionarios entre o profesorado, alumnado e familias, recollida de datos cuantitativos...

A avaliación do Plan Dixital realizarase a longo de varios cursos en diferentes momentos pero sempre tendo como referencia as concrecións establecidas no Plan Dixital recollidas na PXA de cada curso. Estas valoracións serán as que nos permitirán ir validando ou modificando os diferentes aspectos recollidos no Plan Dixital e incluír as propostas de mellora que serán reflectidas na Memoria e na concreción do Plan Dixital do seguinte curso na PXA.

Esta avaliación realizase en tres momentos:

- **Seguimento mensual:** nas reunións do profesorado.
- **Seguimento trimestral:** coincidindo coa reunión trimestral do consello escolar na que se valorará.
 - estado de execución dos obxectivos
 - análise e valoración de resultados
 - posibles modificacións
 - propostas de mellora
- **Avaliación final:** no último consello escolar presentarase a avaliación na que se realizará a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora e modificacións para o próximo curso.

Para realizar a avaliación do Pan Dixital utilizaremos 2 instrumentos:

- a valoración da acción recollida na táboa de cada obxectivo do Plan de acción: no que deixarse constancia escrita do

seguimento das accións realizadas e do estado (realizado, aprazado, pendente) do cumprimento de cada obxectivo.

- ANEXO I no que se reflicten a análise e valoración final do desenvolvemento do Plan Dixital atendendo a diferentes aspectos obxecto de avaliación atendendo a 4 indicadores (inadecuado, adecuado, bo, excelente)

Trátase polo tanto de facer unha revisión anual **ao remate de cada curso escolar** que utilizaremos como a nova folla de ruta para seguir avanzando .

Hai que ter en conta que o Plan Dixital mellorarase con anos de traballo xa que avanzar na competencia dixital referida a todos ás áreas é unha tarefa que implica unha importante transformación do modelo pedagóxico é, polo tanto, difícil de conseguir nun só curso escolar.

É unha tarefa a longo prazo avanzando lentamente, pasiño a pasiño, comezando polo deseño dun plan sinxelo e pouco ambicioso para ir, ano tras ano, incorporando novos retos.

5. Difusión do plan

Logo de ser aprobado o PD no Consello Escolar será publicado na páxina web do centro. No comezo do próximo curso informarase ás familias na reunión de comezo do curso do PD e dos obxectivos que se pretenden acadar no curso 2022-2023.

AVALIACIÓN PLAN DIXITAL		Indicadores				Observacións	Propostas de mellora
		Inadecuado	Adecuado	Bo	Excelente		
CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS							
SEGUIMIENTO PLAN DE ACCIÓNS							
COORDINADORA PLAN DIXITAL	ASIGNACIÓN HORARIA						
	COLABORACIÓN DO EQUIPO DOCENTE						
	COORDINACIÓN DO PD						
EQUIPO DOCENTE	COLABORACIÓN						
	IMPLICACIÓN NO PD						
INCIDENCIA NO NIVEL DE COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO							
IMPLICACIÓN FAMILIAS							